

**Martínez aposta pola continuidade para o vindeiro mandato,
co fin de consolidar o traballo dos últimos 8 anos “e seguir sendo
o alcalde de tod@s”**

Arroupado por outros rexedores e candidatos da Montaña, subliña que “non escatimará en esforzos” para seguir reclamando a administracións, como a Xunta de Galicia, os compromisos asumidos co municipio. É o caso da construción da residencia da 3ª idade ou o remate da estrada Becerreá-Sarria

“Teño o sabor do traballo feito, de gobernar con honestidade, eficacia e transparencia, e non me faltan ganas de continuar e de seguir traballando por Becerreá”. Por iso, comprométese “a non facer nada que prexudique individualmente a ningún veciño”, e aposta por un programa municipal que garanta “un concello aberto á cidadanía e integrador”

Outras das principais liñas de actuación que levará a cabo, se revalida a confianza dos cidadáns, son a mellora de infraestruturas e servizos, así como o mantemento dos servizos sociais, co pagamento do 100% do SAF básico e os gastos derivados do funcionamento do PAC

Martínez lidera así, unha candidatura que combina experiencia cunha renovación parcial nos postos tres, seis e nove; “o cambio necesario que precisamos, dixo, para dar unha resposta útil aos nosos veciños”

BECERREÁ, 30 DE ABRIL DE 2015.- O candidato á alcaldía de Becerreá e actual rexedor – Manuel Martínez- presentou esta tarde-noite aos simpatizantes e veciños do municipio a candidatura coa que concorre ás eleccións de maio, e coa que dará continuidade ao traballo desenvolvido durante os últimos oito anos e “pretende seguir sendo o alcalde de tod@s”.

Arroupado tamén por outros rexedores e alcaldables da Montaña, así como do secretario Provincial –Juan Carlos González Santín-, quen despois de participar na presentación da candidatura de Viveiro tamén quixo acompañar a Martínez neste acto público, subliñou que “teño o sabor do traballo feito, de gobernar con honestidade, eficacia e transparencia, e non me faltan ganas de continuar e de seguir traballando por Becerreá”. Por iso, comprométese “a non facer nada que prexudique individualmente a ningún veciño”.

“Non escatimarei en esforzos”

O candidato aposta por un programa municipal que garanta “un concello aberto á cidadanía, integrador, sensible coa diversidade e impulsor da tolerancia”. Deste xeito, as principais liñas de actuacións que levará a cabo se revalida a confianza dos cidadáns, basearanse na mellora de infraestruturas e servizos; no mantemento dos servizos sociais, co pagamento do 100% do SAF básico e gastos do PAC e coa reclamación á Xunta de Galicia da residencia da terceira idade; asunto para o que, dixo, “non escatimarei en esforzos”.

“A necesidade máis prioritaria e importante non só para Becerreá, senón para a comarca, que depende única e exclusivamente da vontade política do goberno de Feijóo é precisamente este centro, para o que Concello e Deputación cumpriron todas as demandas da administración

autonómica. Pero tamén sumarei para que o Executivo autonómico acometa a segunda fase da estrada que comunica o municipio con Sarria, e que afecta ao treito Becerreá- Saa”, apuntou.

Outros compromisos

No programa electoral, Martínez tamén demandará á administración autonómica outros compromisos pendentes como o arranxo do campo da feira nova e a execución da segunda fase do polígono industrial, “que todos os anos os inclúen nos Orzamentos, pero que nunca executan”, así como os accesos á autovía pola estrada de Navia e a concentración parcelaria de Narón e Guilfrei.

Asemade, adiantou que “aprobaremos definitivamente o PXOUM e facilitaremos o coñecemento dos proxectos urbanísticos mediante a súa exposición no vestíbulo do concello e da páxina web”. “Dende o centro social e o telecentro desenvolvemos novas actividades e plans de alfabetización municipal para promover o uso das novas tecnoloxías, con especial atención ás persoas discapacitadas e aos maiores; seguiremos contando co grupo de emerxencias comarcal GES para garantir a seguridade e a integridade dos veciños; colaboraremos para estender a oferta educativa pública de cero a tres anos no primeiro ciclo de educación infantil e manteremos a conxelación de taxas e impostos municipais, así como das actividades culturais, deportivas e das piscinas municipais”, destacou.

Por outra banda, levará a cabo os trámites para a adquisición dos terreos para un aparcadoiro municipal ao carón da N-VI; para mellorar o alumeadado público; a construción dun heliporto para posibles emerxencias; o arranxo do colexio de Cruzul; a declaración de BIC da Ponte deste lugar; o arranxo e mantemento de núcleos rurais como Freixo, Armesto , Villamane, Río Muíños, Fraián, Torallo ou Golada; a dotación de maneira progresiva da recollida de augas residuais; e a limpeza e desbroce das rutas de sendeirismo do municipio.

Candidatura ao completo

Manuel Martínez lidera así, unha candidatura que combina experiencia cunha renovación parcial nos postos tres, seis e nove; “o cambio necesario, dixo, que precisamos para dar unha resposta útil aos nosos veciños”. A lista completa é a seguinte:

- 1.- Manuel Martínez Núñez
- 2.- Ana María Freijo Maseda
- 3.- Manuel Bermúdez Díaz
- 4.- María del Pilar Rubio Carballo
- 5.- Claudio Vázquez Pérez
- 6.- Sabela Montaña Moreira
- 7.- Marcos García Pérez
- 8.- Ana Isabel Rubinos Bolaño
- 9.- Manuel Bargos López
- 10.- Mónica Neira Sánchez
- 11.- José Díaz Armada

Suplentes:

- 1.- Darya Fernández Gómez
- 2.- Pedro Fernández Fernández
- 3.- María del Carmen Fernández Fernández
- 4.- Hipólito Santín López